

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE XANEIRO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 20 de xaneiro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 17 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, suplente da xefa do Servizo de Electromecánicos (asiste aos puntos 2 e 6a)  
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 5a e 6b)  
D<sup>a</sup>. María Dapena Gómez, xefa da Área de RRHH e Formación (asiste aos puntos 9a e 10a)  
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste ao punto 11a)  
D. Fernando Carballo Vilar, director de Réxime Interior de VigoZoo (asiste ao punto 11b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (52.008-444)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:04	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64H-CAD624-8587EH-5NXRJ3-1ZLD7W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.
  2. IBERDROLA CLIENTES

## 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento técnico legal dos procesos de tratamento e desinfección en materia de lexionela nas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (4.111-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes o 17 de xaneiro de 2022 de valoración do sobre A "proposición avaliable mediante xuízo de valor", así como o informe que rectifica o anterior asinado tamén polo xefe do Servizo de Deportes o 18 de xaneiro de 2022, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

## 6.- Apertura económica

### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (52.008-444)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

#### - GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.

Propón a redución dos prezos unitarios relacionados co consumo de enerxía para cada unha das tarifas e períodos que resultan das seguintes táboas:

**$\Sigma$  Cah:** Coeficiente aditivo horario.

Propón como  **$\Sigma$  Cah\_of** os seguintes valores para cada unha das tarifas e períodos de consumo – estes valores non poderán ser superiores os indicados como máximos no punto 3.G destas FEC.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:04	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64H-CAD624-8587EH-5NXRJ3-1ZLD7W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ΣCah						
PERÍODOS	P1	P2	P3	P4	P5	P6
2.0TD	0,7673	0,5794	0,7521			
3.0TD	0,754	0,6006	0,5039	0,5188	0,5624	0,6721
6.1TD	0,5667	0,5104	0,4429	0,4716	0,517	0,6565

**Cmh:** Coeficiente corrector multiplicador horario

Propón como **Cmh\_of** os seguintes valores para cada unha das tarifas e períodos de consumo – estes valores non poderán ser superiores os indicados como máximos no punto 3.G destas FEC.

Cmh						
PERÍODOS	P1	P2	P3	P4	P5	P6
2.0TD	1,5264	1,5355	1,5632			
3.0TD	1,5375	1,5487	1,5182	1,5075	1,5091	1,5636
6.1TD	1,4078	1,409	1,3987	1,3939	1,3789	1,4231

**CG:** Custo de xestión establecido polo comerciante.

Propón como **CG\_of** o seguinte valor - este valor non poderá ser superior o indicado como máximo no punto 3.G destas FEC.

CG -coste xestión cent€/kWh	0,3
-----------------------------	-----

### - IBERDROLA CLIENTES

Propón a redución dos prezos unitarios relacionados co consumo de enerxía para cada unha das tarifas e períodos que resultan das seguintes táboas:

**Σ Cah:** Coeficiente aditivo horario.

Propón como **Σ Cah\_of** os seguintes valores para cada unha das tarifas e períodos de consumo – estes valores non poderán ser superiores os indicados como máximos no punto 3.G destas FEC.

ΣCah						
PERÍODOS	P1	P2	P3	P4	P5	P6
2.0TD	0,5101	0,4034	0,3797			
3.0TD	0,5277	0,4597	0,4166	0,4419	0,4587	0,3780
6.1TD	0,4043	0,3918	0,3598	0,3872	0,4253	0,3547

**Cmh:** Coeficiente corrector multiplicador horario

Propón como **Cmh\_of** os seguintes valores para cada unha das tarifas e períodos de consumo – estes valores non poderán ser superiores os indicados como máximos no punto 3.G destas FEC.



Cmh						
PERÍODOS	P1	P2	P3	P4	P5	P6
2.0TD	1,4586	1,4673	1,4939			
3.0TD	1,4693	1,4800	1,4508	1,4406	1,4421	1,4942
6.1TD	1,3453	1,3465	1,3367	1,3320	1,3178	1,3600

**CG:** Custo de xestión establecido polo comerciante.

Propón como **CG\_of** o seguinte valor - este valor non poderá ser superior o indicado como máximo no punto 3.G destas FEC.

CG -coste xestión cent€/kWh	0,3
-----------------------------	-----

Asisten á apertura D. Ignacio Vázquez Cortés, con DNI **\*\*.\*30.04\***, en representación de IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. e D<sup>a</sup>. Florentina Cuevas Muñoz con DNI **\*\*.\*22.34\***, en representación de GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento técnico legal dos procesos de tratamento e desinfección en materia de lexionela nas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (4.111-611)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo S/IVE	Incremento medios persoais esixidos no PCAP	
			1 responsable técnico a maiores do esixido	Nº aplicadores de tratamentos de biocidas a maiores do mínimo esixido
1	AGRONERGA, S.L.	92.307,60 €	si	6
2	COSAPLAG, S.L.U.	91.710,00 €	si	6
3	SANIASTUR, S.L.	94.016,52 €	si	6

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. Alberto Rilo Martínez con DNI **\*\*.\*14.63\*** e D<sup>a</sup>. Nuria Villar Moreno con DNI **\*\*.\*13.97\***, ambos os dous en representación de AGRONERGA, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:04	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64H-CAD624-8587EH-5NXRJ3-1ZLD7W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal interino e persoal laboral temporal ao servizo do Concello de Vigo (36.576-220)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de RRHH e Formación o 14 de xaneiro de 2022 de valoración do sobre C "proposición *avaliado mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 17 de xaneiro de 2021 de valoración do sobre C "proposición *avaliado mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**10.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal interino e persoal laboral temporal ao servizo do Concello de Vigo (36.576-220)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal interino e persoal laboral temporal ao servizo do Concello de Vigo (36.576-220) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	SURNE MUTUA DE SEGUROS	95,00 puntos
2	ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	90,46 puntos
3	AXA AURORA VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	76,01 puntos



4	VIDACAIXA, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS	72,51 puntos
5	ZURICH VIDA, S.A.U.	63,69 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SURNE MUTUA DE SEGUROS (V-48.083.521), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 4 de xaneiro de 2022 polo que non se admite neste procedemento a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. por non presentar correctamente a documentación persoal (ao non declarar no DEUC non estar incurso en motivos de exclusión).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “Subministro de formigóns e morteiros”:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	100,00 puntos

- Lote 2 “Subministro de áridos”:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	100,00 puntos



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



2	GARCI VENTA, S.L.	97,59 puntos
---	-------------------	--------------

- Lote 3 "Subministro de materiais de construción":

Orde	Licitadores	Puntuación
1	GARCI VENTA, S.L.	100,00 puntos

- Lote 4 "Subministro de materiais de ferretería":

Orde	Licitadores	Puntuación
1	GARCI VENTA, S.L.	100,00 puntos

- Lote 5 "Subministro de formigón bituminosos":

Orde	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	100,00 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2) (B-36.741.379), GARCI VENTA, S.L. (lotes 3 e 4) (B-36.797.470) e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (lote 5) (A-36.008.886), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

## 11.- Propostas de adjudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de análise e diagnóstico das condicións de vida das persoas maiores en Vigo e proposta dun plan estratéxico de atención (224.888-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar. Ningún membro manifesta ter conflito con el.

A continuación comunica que con data do 5 de xaneiro de 2022 se notificou o acordo de clasificación a EXPORTRENDS CONSULTING, S.L. e se lle requiriu a documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP. Durante o prazo concedido o licitador presentou documentación o 18 de xaneiro. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a EXPORTRENDS CONSULTING, S.L. para que poida emendar a documentación presentada:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:04	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64H-CAD624-8587EH-5NXRJ3-1ZLD7W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

1. O aval presentado no Rexistro Electrónico non ten validez ao non estar asinado dixitalmente. No entanto, tal e como se indicou no requirimento do 5 de xaneiro, pode canxear o documento asinado manualmente na Caixa do Concello de Vigo.
2. A declaración de non estar incurso en prohibición de contratar e a declaración da solvencia técnica non están asinadas.
3. A documentación acreditativa da solvencia económica debe presentarse completa.

### **b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna de Vigozoo (11.157-612)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna de Vigozoo (11.157-612)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 3 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do subministro de froitas e hortalizas para a fauna de VigoZoo (exp. 11157-612).*

*SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 15/10/21 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 17/11/21.*

*TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 45.847,88 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (1.763,38 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.02 "Froitas Animais".*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:04	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64H-CAD624-8587EH-5NXRJ3-1ZLD7W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



*CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de xaneiro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna de Vigozoo (11.157-612) na seguinte orde descendente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>% baixa ofertada</b>
1	FRUTAS NIEVES, S.L.	20,2182
2	MERCASH, S.L.U.	2,00

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, FRUTAS NIEVES, S.L. (B-36.628.196), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FRUTAS NIEVES, S.L., o día 17 de xaneiro de 2022, que presenta a documentación requirida o 19 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 20 de xaneiro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FRUTAS NIEVES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FRUTAS NIEVES, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula, de data 14 de xaneiro de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a FRUTAS NIEVES, S.L. (B-36.628.196) o procedemento aberto para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna de Vigozoo (11.157-612) por un prezo total de 45.847,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.763,38 euros e cunha porcentaxe do 20,2182% a aplicar aos prezos unitarios recollidos na cláusula 1 do PPT.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:04	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64H-CAD624-8587EH-5NXRJ3-1ZLD7W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		